F/2024/87	08/04/2024	24 27	316,20	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	342	2269901	TROFEO REF:2524/3 (MEMORIAL MIGUEL ANGEL GONZALEZ MARZO 2024) / TROFEO REF:2320/1 (MEMORIAL MIGUEL ANGEL GONZALEZ MAR
F/2024/88	08/04/2024	24 28	245,30	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	342	2269901	TROFEO REF:2320/2 (BASKET CUP MARZO 2024) / TROFEO REF:2430/2 (BASKET CUP MARZO 2024) / GRABACION TROFEO (BASKET CU
F/2024/89	08/04/2024	V24 5179	502,15	ANDACAR 2000, S.A.	342	20400	ALQUILER DE VEHÍCULO-MODELO: TOYOTA PROACE CITY COMBI 1.5L 100CV-MATRICULA: 0855-LZF-OBRA: EXP.DEPORT/2022/166 -PERIODO
F/2024/92	08/04/2024	CONCELLO 2024 1	750,00	GOMEZ CID, GRACIELA	342	2279901	ESCOLA CLUB XADREZ FONTECARMOA MESES XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2024.
F/2024/106	19/04/2024	V23 21998	502,15	ANDACAR 2000, S.A.	342	20400	ALQUILER DE VEHÍCULO-MODELO: TOYOTA PROACE CITY COMBI 1.5L 100CV-MATRICULA: 0855-LZF-OBRA: EXP.DEPORT/2022/166 -PERIODO
F/2024/110	24/04/2024	24 37	620,50	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	342	2269901	MEALLAS 50mm GRABADAS + CINTA (24º XOGOS AUTONOMICOS ATLETISMO SPECIAL OLYMPICS 20/04/2024 70 ORO 70 PLATA 62 BRONCE 16



F/2024/115	30/04/2024	V24 6959	502,15	ANDACAR 2000, S.A.	342	20400	ALQUILER DE VEHÍCULO-MODELO: TOYOTA PROACE CITY COMBI 1.5L 100CV-MATRICULA: 0855-LZF-OBRA: EXP.DEPORT/2022/166 -PERIODO
		TOTAL	17.394,72				

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas con acordo, sen acordo e de enerxía eléctrica e gas natural F/2024/6 correspondentes ao mes de abril da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 34.344,12 € co seguinte desglose:

- Relación de facturas sen acordo e de enerxía eléctrica e gas natural por importe total de 16.949,40 €:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Nombre	Programa	Economica	Texto Explicativo
F/2024/76	08/04/2024	FA 2820	38,50	INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	342	2279900	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240LT / PERIODO DEL 01/03/24 AL 31/03/24
F/2024/77	08/04/2024	001241506	189,12	DIGAMEL AROUSA, S.L.	342	21000	AUTORIZADO POR JUAN VENTOSO AUTORIZADO POR JUAN VENTOSO / RECOGE DANIEL VICENTERECOGE DANIEL VICENTE / PABELLON DE GUILLA
F/2024/78	08/04/2024	PI24142000112930	207,71	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	342	22100	TERMO DE POTENCIA PUNTA (1.016393) / TERMO DE POTENCIA VAL (1.016393) / TERMO DE POTENCIA CARGOS PUNTA (1.016393)
F/2024/83	08/04/2024	02148000009724F	147,57	CLECE, S.A.	342	22700	limpieza de VESTUARIOS Y PASILLOS DEL CLUB DE con motivo de la regata de BATELES BANDEIRA PORTO DE VILAGARCIA del 24 de
F/2024/90	08/04/2024	202402517	328,96	CASTROMAN I, S.L.	342	21000	CARGA GAS GRANDE 907 2,8KG / PANTALLA ESTANCA LED C TUBO 2X18W 6000K / ORDEN JUAN VENTOSO / RECOGE JUAN VENTOSA / CLUB D
F/2024/91	08/04/2024	202402146	1.241,73	CASTROMAN I, S.L.	342	21000	POWER FIX-INSTAN STRONG MARRON CART 280ML / PISTOLA SILICONA TE-SG 18/10 LI S/BATERIA EINHELL / CARGADOR EINHELL POWER X
F/2024/94	08/04/2024	A 24091	412,04	TROQUIÑA, S.L.	342	2279902	EJECUCION DE LOS TRABAJOS / FITOSANITARIOS



F/2024/95	08/04/2024	A 24094	349,80	TROQUIÑA, S.L.	342	21000	FERTIMON COMPLEJO 15-15-15 40k
F/2024/96	09/04/2024	V2400296	451,16	AREA DE SERVICIO A BARCA, S.L.	342	22103	GASOLEO A (Matricula: GARRAFAS) / GASOLEO A (Matricula: 0855LZF) / ADBLUE (Matricula: 0855LZF) / GASOLEO A (Matri
F/2024/97	09/04/2024	0 24001766	1.220,65	SOBRINO G., S.A.	342	21200	CABLE ACERO GALV 6x7+1 3 mm M / CARTUCHO MS-BOSTIK TURBO/GTI BCO 290ML / CANDADO INOX 30AL INOX30AL N31171 / CANDADO IN
F/2024/98	10/04/2024	2024/24 000235	971,04	GASOCENTRO CALDAS, S.L.	342	22103	GASOLEO C (PUNTO DE SUMINISTRO: FUNDACION DE DEPORTES (FPSDM) PR RAVELLA Nº 1 36600 VILLAGARCIA PONTEVEDRA II
F/2024/99	10/04/2024	2024/24 000409	1.120,42	GASOCENTRO CALDAS, S.L.	342	22103	GASOLEO C (PUNTO DE SUMINISTRO: FUNDACION DE DEPORTES (FPSDM) PR RAVELLA Nº 1 36600 VILLAGARCIA PONTEVEDRA II
F/2024/100	11/04/2024	A 711	372,46	SEGURLAIN 2020, S.L.	342	22104	PERSONAL DEPUTACION / Pantalon multibolsillo cinta reflex 159 / Cazadora sarga cremallera VL 61601 / Polo 100% algodón 2
F/2024/101	13/04/2024	PI24142000135654	128,73	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	342	22100	POTENCIA ACCESO PUNTA (0.95082) / POTENCIA ACCESO VAL (0.95082) / POTENCIA CARGOS PUNTA (0.95082) / POTENCIA CARGO
F/2024/102	13/04/2024	PI24142000135663	613,46	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	342	22100	POTENCIA ACCESO P1 (1.016393) / POTENCIA ACCESO P2 (1.016393) / POTENCIA ACCESO P3 (1.016393) / POTENCIA ACCESO P4
F/2024/103	15/04/2024	PAULINO 27	695,13	CALEFACCIONES PAULINO, S.L.	342	21300	REPARACION INODORO Y TANQUE CISTERNA EN A LOMBRA, MANO DE OBRA Y DESPLAZAMIENTO / TANQUE CISTERNA ROCA VICTORIA / LATIGU
F/2024/104	15/04/2024	PAULINO 38	1.456,98	CALEFACCIONES PAULINO, S.L.	342	21300	PICAR Y BUSCAR FUGA CAMPO A LOMBRA, MANO DE OBRA Y DESPLAZAMIENTO / COLLARIN DE 40 3/4 JINTEN / ENLACE DE 25 - 3/4 JINTE
F/2024/105	17/04/2024	PI24142000139511	5.130,04	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	342	22100	TERMO DE POTENCIA P1 (kW) / TERMO DE POTENCIA P2 (kW) / TERMO DE POTENCIA P3 (kW) / TERMO DE POTENCIA P4 (kW) /
F/2024/107	22/04/2024	PAULINO 42	814,10	CALEFACCIONES PAULINO, S.L.	342	21300	PAVELLO DA TORRE, REPOSICION VALVULA SEGURIDAD 3/4 / CLUB REMO VILAXOAN REPOSICION ANODOS DE MAGNESIO / PAVELLO DE CARRI



F/2024/109	06/03/2024	046/24	23,00	PAPELERIA ARINES, C.B.	342	22000	ADQUISICION AXENDAS ANUAIS PARA O ANO 2024
F/2024/112	25/04/2024	24SF10093112	43,61	SOLITIUM, S.L.	342	22000	Consumo Clicks Total Color A4CT Lectura desde 15.496 (20/03/24) hasta 15.817 (23/04/24). (ID:SL094689NE AVDA. RODRIGO D
F/2024/113	26/04/2024	2923/24	910,69	RANKING TIENDAS DEPORTES,S.L	342	21000	Pintura Impact XP, blanca. Bolsa 5 litros
F/2024/114	30/04/2024	FA 3714	82,50	INTEGRALDATA SECURITY, S.A.	342	2279900	ALQUILER CONTENEDOR ALUMINIO 240LT / PERIODO DEL 01/04/24 AL 30/04/24 / RECOGIDA Y DESTRUCCION CONTENEDOR ALUMINIO 240LT
			16.949,40				

- Relación de facturas con acuerdo, por importe total de 17.394,72 €:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Nombre	Programa	Economica	Texto Explicativo
F/2024/79	08/04/2024	8	314,60	BARRAL NUÑEZ, MAR	342	2269901	Trofeo tipo B - Fundación de Deportes, Trofeo tipo C - Fundación de Deportes, Trofeos e metopas para actos protocolarios
F/2024/80	08/04/2024	2024 8	250,00	AGRUPACION ATLETICA MAZI	342	2279901	SERVICIOS CONSISTENTES EN CLASES DE ATLETISMO PRESTADOS POR EL PERSONAL DE LA AGRUPACION, PROGRAMA ESCOLA DEPORTIVA MUNI
F/2024/81	08/04/2024	02148000007024F	12.828,25	CLECE, S.A.	342	22700	Servicio limpieza INSTALACIONES MUNICIPALES DE LA FPSDM Marzo de 2024FONTECARMOA:PABELLÓN 1 / Servicio limpieza INSTALAC
F/2024/84	08/04/2024	02148000009824F	120,56	CLECE, S.A.	342	22700	Servicio de limpieza extraordinaria para el MEMORIAL MIGUEL ANGEL GONZALEZ días 23 y 24 de marzo de 2024.IMPORTE DEL SER
F/2024/85	08/04/2024	02148000009924F	316,57	CLECE, S.A.	342	22700	¿Eventos Deportivos Extraordinarios de SEMANA SANTA 2024¿ Servicio de limpieza de refuerzo para la limpieza de vestuario
F/2024/86	08/04/2024	02148000009624F	126,29	CLECE, S.A.	342	22700	Servicio de limpieza extraordinaria para el evento VILAGARCIA BASKET CUP días 29 y 30 de marzo 2024 en FEXDEGA.IMPORTE D
F/2024/87	08/04/2024	24 27	316,20	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	342	2269901	TROFEO REF:2524/3 (MEMORIAL MIGUEL ANGEL GONZALEZ MARZO 2024) / TROFEO REF:2320/1 (MEMORIAL MIGUEL ANGEL GONZALEZ MAR
F/2024/88	08/04/2024	24 28	245,30	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	342	2269901	TROFEO REF:2320/2 (BASKET CUP MARZO 2024) / TROFEO REF:2430/2 (BASKET CUP MARZO 2024) / GRABACION TROFEO (BASKET CU
F/2024/89	08/04/2024	V24 5179	502,15	ANDACAR 2000, S.A.	342	20400	ALQUILER DE VEHÍCULO-MODELO: TOYOTA PROACE CITY COMBI 1.5L 100CV-MATRICULA: 0855-LZF-OBRA: EXP.DEPORT/2022/166 -PERIODO
F/2024/92	08/04/2024	CONCELLO 2024 1	750,00	GOMEZ CID, GRACIELA	342	2279901	ESCOLA CLUB XADREZ FONTECARMOA MESES XANEIRO, FEBREIRO E MARZO 2024.



F/2024/106	19/04/2024	V23 21998	502,15	ANDACAR 2000, S.A.	342	20400	ALQUILER DE VEHÍCULO-MODELO: TOYOTA PROACE CITY COMBI 1.5L 100CV-MATRICULA: 0855-LZF-OBRA: EXP.DEPORT/2022/166 -PERIODO
F/2024/110	24/04/2024	24 37	620,50	DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L	342	2269901	MEALLAS 50mm GRABADAS + CINTA (24º XOGOS AUTONOMICOS ATLETISMO SPECIAL OLYMPICS 20/04/2024 70 ORO 70 PLATA 62 BRONCE 16
F/2024/115	30/04/2024	V24 6959	502,15	ANDACAR 2000, S.A.	342	20400	ALQUILER DE VEHÍCULO-MODELO: TOYOTA PROACE CITY COMBI 1.5L 100CV-MATRICULA: 0855-LZF-OBRA: EXP.DEPORT/2022/166 -PERIODO
		TOTAL	17.394,72				

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a doce de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vista e comprobada a factura a favor da empresa TROQUIÑA S.L., Nº A 24090, correspondente ás SEGAS EXTRAORDINARIAS INCLUÍDAS DENTRO DO CONTRATO DAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, do mes de marzo, por importe de 889,99 € (I.V.E. incluído), que se presenta para o seu recoñecemento da obriga.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA S.L., Nº A 24090, correspondente ás SEGAS EXTRAORDINARIAS INCLUÍDAS DENTRO DO CONTRATO DAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, do mes de marzo por importe de 889,99 € (I.V.E. incluído) con cargo á partida 342-227,9902.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a doce de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secrearia Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Vistos os escritos presentados que a continuación se relacionan, relativos ás solicitudes de devolución de cotas dun prezo público e, polos seguintes conceptos. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto:

1.- Solicitud de devolución a favor de D. Jose Luis Padín Núñez, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo \geq 65 anos, por importe total de 15,00 €, dado que, ingresou 45,00 €, en vez de 30,00 €, cota do devandito carné.

2.- Solicitud de devolución a favor de Dna. Cristina Lema Alejandre, do importe ingresado a maiores da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe total de 5,00 €, dado que, ingresou 50,00 €, en vez de 45,00 €, cota do devandito carné.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar a devolución a favor de D. Jose Luis Padín Núñez, do ingreso a maiores do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Tipo \geq 65 , por importe de 15,00 €, con cargo á partida 343,00.

2.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Cristina Lema Alejandre, do ingreso a maiores do importe da cota do prezo público, correspondente á solicitude de Carné Individual Senior , por importe de 5,00 €, con cargo á partida 343,00.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a doce de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa a validación da factura nº 24 12 presentada a través da plataforma FACE con data 01/03/2024, emitida pola empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L. por importe de 648,00 € (I.V.E. incluído), pola adquisición de 60 trofeos para os participantes na proba 3 HORAS DE RESISTENCIA incluída na Copa Galicia de Resistencia BTT da Federación de Ciclismo, que se levou a cabo o pasado día 11 de febreiro do presente ano.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Validar a factura nº 24 12 presentada a través da plataforma FACE con data 01/03/2024, emitida pola empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L. por importe de 648,00 € (I.V.E. incluído), pola adquisición de 60 trofeos para os participantes na proba 3 HORAS DE RESISTENCIA incluída na Copa Galicia de Resistencia BTT da Federación de Ciclismo, que se levou a cabo o pasado día 11 de febreiro do presente ano.

2.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L, a adquisición dos citados trofeos través dun contrato menor de subministros, por importe total de 648,00 €.(I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226,9901.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto os informes-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta da Dirección Deportiva, relativa a validación da factura nº 24 20 presentada a través da plataforma FACE con data 25/03/2024, emitida pola empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L. por importe de 309,65 € (I.V.E. incluído), pola adquisición de trofeos para os participantes no V MUSHING VILAGARCIA DE AROUSA, que se levou a cabo o pasado día 6 de marzo do presente ano.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Validar a factura nº 24 20 presentada a través da plataforma FACE con data 01/03/2024, emitida pola empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L. por importe de 309,65 € (I.V.E. incluído), pola adquisición de trofeos para os participantes no V MUSHING VILAGARCIA DE AROUSA, que se levou a cabo o pasado día 6 de marzo do presente ano.

2.- Adxudicar á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L, a adquisición dos citados trofeos través dun contrato menor de subministros, por importe total de 309,65 €.(I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226,9901.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme o informe proposta da dirección deportiva relativa a aprobación da da limpeza do pavillón do IES O Carril dado que, o devandito pavillón está en uso por parte Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes e previa autorización da mesma, dende maio con previsión de uso ata finais de xuño do presente ano e que, conforme o Convenio de uso asinado entre a Fundación de Deportes e o citado Centro Educativo que no Quinto apartado punto 4 di literalmente o seguinte: “ *Obrigas do Concello.4.- A FPSDM obrígase á limpeza do pavillón, todos os días, na parte dos vestiarios, ducha e pista, de xeito que queden en condicions de ser utilizadas as oito e media da mañá de todos os días lectivos*”, o que obriga a Fundación de Deportes a levar a cabo a limpeza do citado pavillón e, para o que se solicitou presuposto á empresa Clece, S.A. (empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), por importe total de 1.541,28 € (I.V.E. incluído), polos meses de maio e xuño de 2024 (770,64 €/mes).

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Adxudicar á empresa CLECE, S.A. (empresa adxudicataria do Contrato de Servizos de Limpeza das instalacións deportivas municipais), a limpeza do pavillón do IES O Carril dado que, o devandito pavillón está en uso por parte Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes e previa autorización da mesma, conforme Convenio de Uso asinado entre a Fundación de Deportes e o Centro Educativo, polos meses de maio e xuño do ano 2024, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.541,28 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-227,00.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de maio de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club Arosa S.C. no que solicita, autorización do uso do Estadio Municipal A Lomba, para a celebración da clausura da Tempada 2023/24 para todos os seus deportistas de categorías base, o vindeiro día 14 do presente mes, a partir das 18:00 horas. Así como, visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

RESOLVO:

1.- Autorizar ao Club Arosa S.C., o uso do Estadio Municipal a Lomba para a celebración da clausura da Tempada 2023/24 para todos os seus deportistas de categorías base, o vindeiro día 14 do presente mes, a partir das 18:00 horas.

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Comunícaselle que deberá tomar todas as medidas preventivas co fin de dar cumprimento as normativas de aplicación vixentes en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan ao devandito evento.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Atlético Faxilde C.F. no que solicita, autorización do uso do Campo de Fútbol Municipal A Pelada, para celebrar unhas xornadas de formación para porteiros os vindeiros días 20 e 21 do presente mes de 17:00-21:00 horas, e o día 22 de 10:00-21:00 horas, cunha cota de inscrición de 90,00 €/persoa. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Atlético Faxilde C.F., o uso en do Campo de Fútbol Municipal A Pelada, para a celebración dunhas xornadas de Formación para os porteiros, que se levarán a cabo os vindeiros días 20 e 21 do presente mes de 17:00-21:00 horas, e o día 22 de 10:00-21:00 horas. Así como, dado o carácter formativo da actividade, non cobrar o prezo público correspondente conforme ao sinalado no Acordo Regulador nºIII.5 en vigor.

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a deza nove de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da Agrupación Deportiva Cortegada no que solicita, autorización do uso das Pistas Polideportivas do Recinto Fexdega, para a celebración da clausura da Tempada 2023/24, o vindeiro día 22 do presente mes, de 9:30-13:30 horas. Así como, a cesión dun equipo de son, papeleiras e 10 mesas para colocar no exterior do recinto e facer un picnic. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Agrupación Deportiva Cortegada, o uso das Pistas Polideportivas do Recinto Fexdega para a celebración da clausura da Tempada 2023/24, o vindeiro día 22 do presente mes, de 9:30-13:30 horas.

2.- Comunicarlles que deberán deixar nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

3.- Dar traslado ao Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes da cesión dun equipo de son e 10 mesas, para a súa aprobación se procede, dado que a coincidencia con máis eventos pode imposibilitar a cesión do devandito material. No caso de que se poida ceder o mesmo, será o Servizo de Mantemento quen leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

Indicar que as mesas, no caso de dispor delas para facer o picnic, deberán se colocadas no exterior do Recito tal como indican na súa solicitude.

4.- Indicar que a citada asociación xa entregou o seguro de accidentes para os participante na devandita actividade.



5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbрасelle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

6.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club Vilagarcía, S.D. no que solicita, autorización do uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración dunha Festa Final de Tempada para todos os seus deportistas e colaboradores, o vindeiro día 22 do presente mes, de 19:00-23:00 horas. Así como a cesión de 20 mesas grandes, un pequeno palco e un equipo de son. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Vilagarcía, S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, para a celebración dunha Festa Final de Tempada para todos os seus deportistas e colaboradores, o vindeiro día 22 do presente mes, de 19:00-22:00 horas, dado que este sería o horario de peche da instalación, podendose autorizar a apertura da mesma dende as 18:00 horas. Asemade comunícaselle que deberá deixar a citada instalación nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na devandita instalación polos participantes na citada actividade.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Departamento de obras, a cesión de 20 mesas grandes e 1 palco (4X3).
- . Departamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.

Indicarlles que a coincidencia con outros eventos pode imposibilitar a cesión de do material solicitado.

3.- Comunicarlle que, no caso de entrega de alimentos e/ou bebidas aos participantes da citada actividade, o persoal deberá estar habilitado segundo a lexislación vixente, debendo presentar antes do inicio da devandita actividade o/s Carné/s de manipulador de alimentos do persoal que vaian a realizar os citados traballos durante o desenvolvemento do devandito

Torneo. Así como, no seu caso, de consumo de alimentos e bebidas, que non estén en envases debidamente precintados, deberán certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria e, se a elaboración se leva a cabo na propia instalación, certificación do cumprimento de seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

4.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc..).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

5.- Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.

6.- Que a presete Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo CLUB XADREZ FONTECARMOA no que solicita, para a celebración do X TORNEO MASTERCHESS CENTRO COMERCIAL AROUSA incluído no Circuito Galego de Xadrez Promoción, que se vai levar a cabo o vindeiro día 29 do presente mes no Centro Comercial Arousa, o traslado de 60 (40+20) mesas do Convenio co citado Club e a cesión de 200 cadeiras de obras. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar ao CLUB XADREZ FONTECARMOA, o traslado de 60 (40+20) mesas do Convenio co citado Club ao Centro Comercial Arousa, para a celebración do X TORNEO MASTERCHESS CENTRO COMERCIAL AROUSA incluído no Circuito Galego de Xadrez Promoción, que se vai levar a cabo o vindeiro día 29 do presente mes e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xomada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

2.- Trasladar ao departamento de Obras, do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a súa solicitude de cesión de 200 cadeiras, para a súa aprobación, se procede.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta conforme o informe-proposta da Dirección Deportiva, relativo á aprobación dos gastos da XXIX BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA 2024, que se vai celebrar o vindeiro día 22 do presente mes, por importe total de 10.900,00 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Premios	9.000,00 €
Balizaxe da proba	1.300,00 €
Arbitraxe Proba	<u>600,00 €</u>
Total	10.900,00 €

Así como preséntanse os orzamentos das empresas que a continuación se relacionan, por un importe total de 4.700,00 € e, para os seguintes conceptos, para a súa aprobación:

<u>EMPRESA/ENTIDADE</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
CLUB DE REMO VILAXOÁN	Balizaxe da proba	1.300,00 €
FEDERACIÓN GALEGA DE REMO	Arbitraxe da proba	<u>600,00 €</u>
	Total	1.900,00 €

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o presuposto de gastos da XXIX BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA 2023, que se vai celebrar o vindeiro día 22 do presente mes, por importe total de 10.900,00 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
Premios	9.000,00 €	342-481,00
Balizaxe da proba	1.300,00 €	342-226,09
Arbitraxe Proba	<u>600,00 €</u>	<u>342-226,09</u>
Total	10.900,00 €	



2.- Adxudicar ás empresas que a continuación se relacionan e, polos seguintes conceptos, a través dun contrato menor de servizos, por importe total de 1.900,00 €:

EMPRESA/ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
CLUB DE REMO VILAXOÁN	Balizaxe da proba	1.300,00 €	342-226,09
FEDERACIÓN GALEGA DE REMO	Arbitraxe da proba	600,00 €	342-226,09
	Total	1.900,00 €	

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Alcalde presidente do Excmo. Concello, en Vilagarcía de Arousa a vinte e un de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club Balonmano Arousa no que solicita, autorización do uso do Pavillón Municipal de Carril, para a celebración do III CAMPUS DE BALONMÁN, dirixido aos nenos/as de toda a Comarca nados entre 2010-2017 (ambos inclusive), ofertando un total de 30 prazas, cunha cota de inscrición de 110,00 €/nen/a por unha semana ou 140,00 € as dúas semanas, que se vai levar a cabo do 24 de xuño ao 5 xullo do presente ano, de 09:00-14:00 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club Balonmano Arousa, o uso en precario do Pavillón Municipal de Guillán, para a celebración do III CAMPUS DE BALONMÁN, dirixido aos nenos/as de toda a Comarca nados entre 2010-2017 (ambos inclusive), que se vai levar a cabo do 24 de xuño ao 5 xullo do presente ano, de 09:00-14:00 horas.

Indicarlle que non se pode acceder a autorización do Pavillón Municipal de Carril, dado que se están realizando obras de millora no mesmo.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme a Resolución do Sr Presidente con data 21/10/2022, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019 (donde se aprobou o borrador do citado Convenio Económico), nos seguintes termos:



a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.

b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondéndolle a esta actividade un total de 3 becas (de 30 prazas ofertadas), para a inscrición de tres alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a



seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de xuño de dous mil vinte e catro, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.



RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club San Martín no que solicita, autorización do uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán e do Pavillón Municipal de Faxilde (en caso de choiva), para a celebración da Escola de Verán, dirixido a nenos/as nados do 2009 ao 2020, cunha cota de inscrición de 90,00 €/nen/a (unha quincena) e de 230,00 €/nen/a (por dous meses), e que se vai levar a cabo de luns a venres do 26 de xuño ao 23 de agosto do presente ano, de 09:00-14:00 horas. Así como, a cesión de carpas, mesas e cadeiras para o descanso e avituallamento dos participantes.

Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Club San Martín o uso en precario do Campo Municipal de Vilaxoán, para a celebración da Escola de Verán, do 26 de xuño ao 23 de agosto do presente ano, de 9:00-14:00 horas. Así como, autorizar o uso do Pavillón Municipal de Faxilde en caso de choiva para levar a cabo a devandita escola.

Deberá indicar na maior brevidade posible o número de prazas ofertadas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

Indicándolles que deberán comunicar con 24 horas de antelación os días que non van facer uso das instalacións, así como os días que se van a desenvolver actividades alternativas nas mesmas (crosffit, baloncesto,...).

3.- Trasladar ao departamento de obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a cesión de 6 carpas e 6 mesas con bancos para o descanso e avituallamento dos participantes, para a súa aprobación se procede.



4.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016 e Resolución do Sr. presidente con data 23/06/2017, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.

